

O congreso internacional ‘O ano do patrimonio cultural europeo e o Camiño de Santiago’ congrega a xuristas e historiadores na capital galega a próxima semana

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018 – O Grupo Compostela de Universidades, a Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións, e a Cátedra de Estudos Xurídicos Locais Mârius Viadel i Martín organizan o congreso internacional ‘O ano do patrimonio cultural europeo e o Camiño de Santiago’ do 23 ao 25 de outubro de 2018 na capital galega.

Neste congreso participarán xuristas e historiadores nacionais e internacionais que abordarán en relatorios e mesas redondas temas conectados co patrimonio cultural, o Camiño de Santiago e as súas implicacións xurídicas.

Os días 23 e 24 de outubro a actividade académica terá lugar principalmente no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela e a entrada será libre ata completar aforo. O 25 de outubro as actividades programadas en Padrón están destinadas exclusivamente aos beneficiarios das bolsas concedidas pola organización, que recorrerán un tramo do Camiño Portugués e presentarán as conclusións dos traballos desenvolvidos en grupo.

Para facilitar a participación de estudantes e doutorandos non residentes en Santiago de Compostela, os organizadores cubrirán os gastos de aloxamento e manutención de 12 bolseiros. Estes candidatos foron seleccionados entre as máis de 50 solicitudes recibidas dende países como Italia, Portugal, Brasil, Perú e España.

O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da educación superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crecendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.